



GALEMOCINÉMATE!

1. CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

*“É imposible facer unha boa película sen unha cámara
que sexa como un ollo no corazón dun poeta”*

*Orson Welles. Director, guionista e produtor
estadounidense. (1913-1985)*

En atención á CONVOCATORIA DO 28 DE DECEMBRO DE 2015 da Secretaría de Política Lingüística e da Dirección Xeral de E,FP e IE pola que se establecen as bases reguladoras para a realización de proxectos de innovación en dinamización lingüística en centros docentes de titularidade da Consellería de C, E e OU, o EDLG do CEIP San Xoán de Becerreá, Lugo, considera fundamental o apoio da Administración para levar a cabo o proxecto que agora presenta, un proxecto que procurará a competencia do alumnado na lingua nai e un estado de igualdade entre linguas oficiais no desenvolvemento da actividade docente.

Situación sociolingüística do centro.

Para a elaboración deste proxecto de fomento da lingua, o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística partiu dunha análise pormenorizada das características sociolingüísticas do centro, que vén sendo moi similar á dos anos anteriores, ao repetirse as circunstancias no alumnado (3 anos) e profesorado novos.

Certo é, porén, que observamos que hai máis nenos castelán falantes entre os que entran (da vila) e que, co paso dos anos, adquire un maior uso do castelán gran parte do alumnado, aínda que sen abandonar o seu idioma de asentamento.

En xeral, podemos dicir que a análise reflicte, como indicador global, un **contorno sociolingüístico** con predominio do galego no nivel familiar e escolar, refrendado polo estudo pormenorizado dos falantes na escola e dos documentos e carteleiras que se poden xerar e / ou utilizar no centro.

Igualmente, podemos confirmar a boa disposición **do profesorado** de cara a impartir as clases en galego e utilizar esta lingua nos espazos comúns do centro á hora das relacións interpersoais (profesorado e alumnado), normalizando non só o uso do galego no ámbito educativo, senón, tamén, no social.

As familias da nosa comunidade educativa, e polo tanto **o alumnado**, pertencen a unha sociedade rural que, aínda que heteroxénea nos niveis socioeconómico e cultural, é maioritariamente galego falante, presentando un uso desta lingua tanto nas relacións como no ámbito máis académico. Este feito facilita o labor normalizador da lingua galega e, porén, require a dinamización doutras linguas, en especial no aspecto máis normativizador,

fundamentalmente na escrita, pola convivencia de rexistros lingüísticos diversos. Porén, é tamén un feito o crecemento de familias estranxeiras que descoñecen a lingua á entrada á escola e un, aínda minoritario, número de familias da vila que falan en castelán.

Sen dúbida, todo isto ten unha repercusión real **no centro educativo**, no que o galego ten gran presenza, en concordancia co ambiente en que vivimos, sendo lingua habitual nas actividades académicas, pero tamén nas interacción persoais, o que permite afirmar que existe ampla visibilidade de que a nosa lingua é a galega.

Por outra banda, é fundamental para este equipo de traballo, optimizar a valoración que da lingua nai se faga, co obxectivo último de que os membros desta comunidade descubran, valoren, conserven e difundan os nosos sinais identitarios e diferenciais, que nos fan portadores dunha cultura propia na que a lingua é o vehículo fundamental.

Nese sentido, consideramos este proxecto como unha medida indispensable para a consecución da competencia en comunicación lingüística, pero tamén como contribución ás outras, en especial, á social e cívica, aprender a aprender, sentido da iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais.

Para que o parágrafo anterior sexa efectivo, é preciso que este Equipo e este Proxecto se incardine cos outros **Equipos e Proxectos do centro**, de xeito que o noso modelo pedagóxico e didáctico defina as nosas estratexias metodolóxicas e redunde no desempeño de todos os nosos alumnos e na calidade do noso labor docente. Por iso, as nosas liñas de traballo están entrecruzadas con outros proxectos educativos innovadores que se desenvolven no centro e, con elas, constitúen o entramado educativo que asegura a consecución dos obxectivos didácticos.

A amplitude das liñas de traballo está en concordancia coa metodoloxía que pretendemos levar a cabo: a cooperación e o consenso nos obxectivos educativos decididos pola maioría dos programas e proxectos do centro. Isto garantirá o tratamento multidisciplinario e, tamén, multisituacional dos mesmos, o que nos leva a pensar que as posibilidades de consecución dos mesmos ampliáanse exponencialmente. Neste sentido, o equipo encargado deste proxecto deixa constancia de que está composto por profesorado que pertence a todos os ciclos e etapas do centro, pero tamén, que colabora na programación e desenvolvemento do traballo doutros proxectos como o **Plan Proxecta (Cinema en Curso)**, o **Proxecto de Formación Permanente do Profesorado**, o **Proxecto eTwinning**, o **Programa Educación Responsable** e o **Plan de Mellora de Biblioteca**.

Por outra banda, o feito de crear un entramado de programacións colaborativas, para alén de dotar ao mesmo da coherencia da liña pedagóxica do centro, permite aunar esforzos a nivel de recursos humanos, pero tamén, a nivel de recursos materiais e, polo tanto, facilitar ao alumnado unha oferta educativa que o capacite no uso normalizado do galego, ao profesorado, da ocasión diaria de sentirse protagonista desa oferta e, ás familias, da opción de participar no desenvolvemento educativo integral dos seus fillos, converténdonos nunha única

poboación escolar que coñece, valora e conserva o seu contorno e as manifestacións culturais do mesmo, entre as que a lingua é máximo expoñente.

Descrición do proxecto.

Gal-emo-cinema-te nace como un intento de aprender a xestionar e expresar as emocións a través do cinema, nun ambiente de apertura e tolerancia ante as expresións culturais e emocionais diversas.

A **filmación e visionado** de *diarios de espazos, travellings e retratos* nas que o galego, como lingua e como expresión cultural e etnográfica, sexa clave será o xeito en que descubramos o contorno e a nós mesmos tanto na expresión que del fagamos como na interpretación doutras versións. As posibilidades que isto ofrece son un potencial para desenvolver a capacidade creativa do alumnado, contribuíndo á análise do mundo en que viven e á súa xusta valoración. Pero tamén serán un espazo xenerador de interaccións entre alumnos, alumnos e profesores, alumnos e comunidade escolar e contorno, ampliando, sen dúbida, os seus rexistros comunicativos.

A **edición** de gravacións permitirá a expresión que, dese momento elixido para filmar, as nosas emocións e coñecementos, en combinación, procuren un resultado publicable capaz de transmitir unha visión do mundo acorde cos obxectivos que, de partida, nos levaron a elixilo. A forza da imaxe, especialmente nos tempos en que vivimos, non pode quedar fóra do ámbito educativo, en especial para as aprendizaxes ligadas ás intelixencias múltiples e ao tratamento da diversidade.

Consideramos necesaria a alfabetización audiovisual e emocional do alumnado, entendendo o cinema como un recurso para a intervención pedagóxica que nos axude a ser conscientes das emocións experimentadas a través da creación e/ou do visionado de filmacións e, así, captar as verdadeiras mensaxes que esconden.

Para ser quen de conseguir este fin educativo, imbuímonos do mundo que nos rodea superando unha imaxe (e educación) repetitiva, sumativa, para achegarnos a outra que a combina coa acción, a luz, a música, a palabra... dentro do contexto integrador da mensaxe.

2. OBXECTIVOS DESEÑADOS COMO RESPONSA ÁS NECESIDADES DETECTADAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS

“O cine é un espello pintado”.

Ettore Scola. Director de cine italiano (1985-)

O **cinema**, desde o punto de vista da educación en primaria, convértese nunha vía de proxección das emocións, ben como autores, ben como receptores de filmacións, sendo un perfecto caldo de cultivo para transferir, expresar, identificar... aprender a xestionar emocións, pois estas son expresadas mediante comunicacións non verbais, maioritariamente, e non estáticas, sempre, de aí que sexan artes como a música, literatura, artes plásticas, teatro e cinema as súas linguaxes.

Entendemos que pode ser un camiño idóneo para desenvolver aspectos de **xestión emocional** na nosa comunidade, ao tempo que nos pon en situación de vivenciar outras artes e outros espazos de aprendizaxe curricular de interese.

Nese sentido, podemos apostar por procesos a diferentes niveis de afondamento, como se recollen nos seguintes apartados:

Formulación dos procesos de mellora do ensino e a aprendizaxe.

CENTRADOS NO USO NORMALIZADO DO GALEGO

- Crear situacións de uso do galego integradoras, tanto para o alumnado que non está asentado nesa lingua como para os que, polas súas necesidades específicas de apoio educativo, teñen maior dificultade comunicativa.
- Diseñar espazos de uso normalizado da nosa lingua en contornos actuais e vitais relacionados con aprendizaxes vangardistas como o cinema, que non só mellora a educación da persoa, senón que ofrece alternativa de ocio e goce.
- Fomentar a reflexión entre a comunidade educativa sobre o estado lingüístico do galego e os usos que del facemos, dentro e fóra da escola e crear espazos comunicativos naturais, con rexistros variados e códigos propios, nos que o galego sexa a lingua vehicular e retroalimenten as avaliacións derivadas das devanditas reflexións.

CENTRADOS NO BINOMIO CINEMA-EMOCIÓNS

- Desenvolver a capacidade creativa do alumnado e profesorado participante a través do cinema como instrumento pedagóxico que reproduce e investiga os conflitos e emocións das persoas, converténdonos en espectadores con sentimentos, pensamentos e actitudes que transferir ás nosas vivencias e aprendizaxes.
- Iniciar nas técnicas básicas do cinema para modificar a xerarquía dos sentidos na busca de información: superarmos a alfabetización sobre o texto escrito e crearmos outros, ilimitados, máis sustentados na imaxe, elaborando información non proposicional, con interpretacións diversas e creativas, que nos leven a comprender a linguaxe propia das imaxes.
- Ampliar a oferta educativa e difundila na comunidade, contribuíndo a crear unha identidade propia e definida, innovadora... compartida en redes sociais cos diferentes axentes da mesma.

Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo.

- Mellorar o uso das TIC, contextualizándoo para superar a pedagogía “cos medios” por unha pedagogía “dos medios” que se nutre das TIC como mediadoras nos procesos de aprendizaxe, sen ser o fin último dela.
- Consolidar unha liña de traballo co cinema como medio expresivo de emocións que potencie a reflexión íntima dos participantes.
- Crear espazos formativos (obradoiros e sesións técnicas) para profesorado e alumnado participante.
- Encontrar liñas comunicativas e participativas co resto da comunidade educativa (familias, institucións e empresas da zona, persoeiros de particular ou etnográfico interese) a través de creacións cinematográficas.
- Desenvolver un espazo creativo e dialóxico no que as interaccións horizontais garantan a participación democrática e igualitaria, tanto na interpretación de filmacións como na creación das mesmas.

Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo.

- Crear espazos de colaboración co resto da comunidade educativa e socioeconómica da zona.
- Comprometernos coa educación emocional do noso alumnado.
- Perseguir unha liña educativa que se sustente no cinema e nas emocións, co galego como lingua vehicular, e que nos permita garantir un proceso de educación integral

con conexións entre diferentes dimensións persoais e sociais da comunidade educativa.

3. ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS DE INNOVACIÓN PREVISTAS.

“Ningún gran artista ve as cousas como son en realidade, se o fixera, deixaría de ser artista”.

Oscar Wilde. Escritor, poeta e dramaturgo irlandés. (1854-1900)

O noso traballo, neste proxecto, abrangue diferentes campos, todos eles en relación á narración en soportes variados: historias para contar, ser contadas ou creadas. Por iso, os seguintes apartados presentan cada liña de traballo (actividades de desenvolvemento), describíndoas e contextualizándoas con obxectivos e metodoloxía.

Contar historias.



O cine é un modo de contar historias. Antes del, outros medios tamén o facían, utilizando o desprazamento de imaxes ao longo do relato. Nese sentido, o noso colexio creará, desde o Equipo de Dinamización das Linguas, a liña de traballo **“Un kamishibai ao mes”**, que transforma o simple feito de contar unha historia nunha sesión de aprendizaxe entre iguais, nas que un alumno conta a outro grupo do centro un conto con esta técnica. Nesta lectura, o alumno ten que mellorar as súas competencias narrativas, expresivas e declamatorias e xenerar, ao fin del, unha conversa co público asistente.

Os contos teñen que ser adaptados en varios aspectos:

- A lingua: parte dos nosos recursos bibliográficos están noutras linguas. É de obrigado cumprimento que os contos que se desenvolvan nesta liña de traballo estean en galego, de aí que ten que haber un traballo previo de tradución nas clases.
- O soporte: os libros deben ser escaneados e editados para eliminar deles calquera palabra, converténdose, apenas, en imaxes que serán imprimidas en cartolinas de tamaño A3 (o do Kamishibai)



- O ritmo e duración: unha historia contada en Kamishibai ten unha dinámica propia: imaxes impactantes e expresivas, textos curtos que expliquen a situación da imaxe... Non todos os libros son óptimos, de aí que se deban adaptar aos tempos e dinámicas desta técnica.

Crear historias.

Durante o curso estaremos aprendendo a técnica do Kamishibai, adaptando, traducindo e contando historias. Isto levaranos a dominala o suficiente como para crear os nosos propios Kamishibai que pasarán a formar parte da nosa biblioteca e estar á disposición de calquera dos seus usuarios.

Filmar historias.



As aprendizaxes que estamos a recibir lévannos a contar historias que recollen emocións e que están relacionadas coa nosa cultura, o noso contorno e as persoas que nos arrodean.

As filmacións serán de tres tipos: diarios de espazo, travellings e retratos. Todas elas serán realizadas no contorno e estarán en relación co currículo e as campañas de celebración e conmemoración do centro, pero, especialmente, serán acordos á capacidade de creación dos alumnos e á

necesidade de expresar emocións, tendo en conta que o cine conxuga linguaxe verbal e non verbal, converténdose nun medio que integra creación e comunicación, como arte que é. Está en función do espectador, pois este ten que sentirse implicado, participando do que acontece na pantalla.

Imbuirse en historias.

Sería imposible crear e filmar historias se, antes e durante, non analizásemos unha selección variada en temática, formato, estética e diferenza cultural. Imbuírnos nunha mensaxe audiovisual implica comprender, descifrar, interpretar o que alí se conta.



Pero a calidade desta percepción vai depender non só do emisor, senón da alfabetización audiovisual e da capacidade de xestión emocional e empatía do receptor.

Coñecer e identificarnos con outros permitiranos ir construíndo unha bagaxe suficiente para iniciar a xestión das nosas emocións: empatía, autoestima, autoconceito, comunicación, asertividade...

Unha historia de formación.

A formación virá resolver diferentes lagoas detectadas. Así:

- Profesorado: formación técnica e pedagóxica para asumir o apoio ao alumnado na filmación e edición do filmado. Igualmente, precisamos aprendizaxes sobre educación emocional que nos permitan dar esta dimensión ao traballo cinematográfico.
- Alumnado: formación na xestión e expresión emocional, así como na técnica de filmación e edición de vídeo.
- Familias e resto da Comunidade Educativa: Realizaranse obradoiros para o alumnado, pero tamén para as familias e persoal non docente que o demande, sobre xestión de arquivos na nube, que facilite a súa axuda aos fillos ao longo do proceso. Algúns destes obradoiros estará a cargo do alumnado de cursos superiores que xa dominen estas materias, apoiados polo profesorado encargado do proxecto.
- Igualmente, o alumnado e profesorado implicado elaborará tutoriais para axudar aos compañeiros no desenvolvemento da parte máis técnica do proceso. Estes tutoriais compartiranse en rede.
- Formación entre alumnos: Ao longo dos meses, levaranse a cabo obradoiros de formación entre iguais que teñan como temáticas algunha das referidas.
- Ambientación e difusión do proxecto: Levarase a cabo a creación de cartaces alusivos á temática de traballo que formarán parte da ambientación do centro en cada liña de traballo. A difusión será polos medios habituais do centro: [O Blogue do EDLG](#), a [páxina](#)


en [Facebook](#) e a conta en Twitter. Igualmente, os arquivos resultantes do proceso estarán compartidos na conta de gmail do [centro](#) e de “[quinto e sexto San Xoán](#)”.

A **metodoloxía** de todo o proceso perseguirá o cumprimento do programa, mediante tarefas complexas que se presenten de xeito funcional, activo e participativo, coa busca da colaboración e do respecto á expresión emocional e cultural de todos os participantes. Todo o proceso, aínda que bebendo noutros contornos, nutrirase do propio co que optimizaremos un entramado de relacións colaborativas e de interacción.

Xestión:

| COORDINADORA PROXECTO | COORDINADORES EQUIPOS | XESTIÓN PROFESORES PARTICIPANTES | FAMILIAS | INSTITUCIÓN |
|--------------------------|--------------------------|--|----------|-------------|
| | | CONTAR HISTORIAS | | |
| | | CREAR HISTORIAS | | |
| | | FILMAR HISTORIAS | | |
| | IMBUÍRSE EN HISTORIAS | | | |
| | | UNHA HISTORIA DE FORMACIÓN | | |
| | | DIFUSIÓN, PUBLICACIÓN, DINAMIZACIÓN | | |
| | | AVALIACIÓN | | |
| INFORME E MEMORIA | | | | |
| | | ADAPTACIÓN PRÓXIMO CURSO | | |

Temporización:



4. IMPLICACIÓN DO PROFESORADO, RESPONSABLES E DEMAIS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto.

A meirande parte do profesorado está no proxecto, con diferentes graos de implicación, como pode comprobarse no cadro explicativo.

Igualmente o conserxe, o persoal da cociña e as familias colaboran activamente en diferentes liñas de traballo.

Asemade, todas as tarefas complexas que se leven a cabo serán comunicadas e detalladas en tempo e forma á totalidade do Claustro, para que poidan participar segundo a súa dispoñibilidade, aínda que non sexan membros do proxecto.

- Participación na organización do programa e das tarefas que del deriven. O proxecto estará coordinado polo s membros do EDLG, pero precisará da colaboración necesaria dos coordinadores dos programas Cinema en Curso e Educación Responsable, con quen se constituirá un Equipo de Innovación en Lingua Galega que contará coa participación do Equipo Directivo e procurará a colaboración dos coordinadores de

TIC, Biblioteca e Extraescolares para conseguir a transversalidade efectiva deste proxecto. Este equipo coidará de que tanto proxecto como avaliación retroalimentadora se leve a cabo, e procurará a súa calidade e excelencia.

- Participación no desenvolvemento de tarefas que se organicen para a posta en práctica de **Gal-emo-cinema-te**.
- Participación puntual en actividades organizadas para o desenvolvemento deste proxecto ou na súa organización.

Recursos materiais que se van mobilizar

Todos os recursos materiais están ao servizo do desenvolvemento deste proxecto pois é interese do Equipo Directivo, no cumprimento do seu Proxecto de Educativo, o uso normalizado do galego e o compromiso con calquera liña innovadora que se leve a cabo para a formación profesional do profesorado e integral dos seus alumnos.

Certo é que esta é unha idea formativa ambiciosa no uso das TIC e os recursos materiais, neste sentido, precisarían ampliarse para chegar a un maior número de alumnos. Na actualidade, as filmacións estanse a realizar co único iPad de que dispoñemos. A edición lévase a cabo na aula TIC, o que permite unha participación máis individualizada do alumnado.

Gardar todos os arquivos en rede facilita o acceso aos mesmos por parte do alumnado en calquera momento, inclusive nas súas casas. O feito de utilizar software libre permite que todo o profesorado e alumnado participante poida instalalo e utilizalo con facilidade. De aí a importancia dos obradoiros que pretendemos levar a cabos co alumnado e as familias, parte fundamental na educación dos nosos nenos e, polo tanto, copartícipes na súa formación integral: colaboradores tan necesarios como desexados.

5. COLABORACIÓNS INSTITUCIONAIS

O noso proxecto de Innovación en Lingua Galega pretende utilizar o cinema para o desenvolvemento de intervencións en educación emocional. Un e outras están a ser desenvolvidos no noso centro en sendos programas de Innovación Educativa:

- **Educación Responsable:** Un programa da Fundación Botín en colaboración coa Consellería de Educación e a Fundación Barrié para a mellora da convivencia e a educación emocional. Como centro piloto, iniciamos a nosa andaina no curso 2014/15.

- **Cinema en Curso:** Un programa incluído no Plan Proxecta da Consellería, no que participamos por vez primeira e que ten, como obxecto, a alfabetización cinematográfica e no que nos titoriza o [CGAI](#).
- **Familias e contorno:** A través do Consello Escolar e a ANPA en primeira instancia, nas titorías implicadas, despois. Igualmente contamos coas colaboracións puntuais do Concello e das institucións da vila (Correos, oficinas bancarias, comercio de proximidade, biblioteca...) para facilitar visitas, filmación e información. A colaboración das familias (canalizada a través da ANPA) é salientable e de axuda mutua.

6. PLAN DE AVALIACIÓN

O sentido da avaliación do desenvolvemento deste proxecto non é outro ca conseguir os obxectivos de partida e, se cabe, melloralos. Por iso, a redacción deste proxecto parte da detección das necesidades descritas, é a primeira fase da avaliación.

A partir de aí, o Equipo de Innovación en Lingua Galega revisará a marcha, tomando os datos a través de indicadores de avaliación que sirvan no proceso para decidir liñas retroalimentadoras que persigan a calidade do traballo e dos resultados.

A avaliación final estará no momento previo á elaboración da Memoria de Desenvolvemento, e nutrirase de todo o proceso, se ben, como se aprecia na temporización do proxecto, contará con dous momentos previos e calendarizados.

Indicadores e criterios para a avaliación.

Grao de participación activa de alumnado, profesorado e resto da comunidade, incluídas institucións colaboradoras.

Grao de interese despertado e de satisfacción cos procesos e cos resultados por parte de todos os axentes.

Grao de difusión do proxecto en diferentes ámbitos educativos e sociais.

Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua.

Grao de mellora no uso normalizado do galego na realización de materiais audiovisuais do centro.

Grao de compromiso co uso do galego, por parte de profesores e alumnos, na realización de materiais na nosa lingua.

Valoración do galego asociado á creación filmográfica, literaria, tecnolóxica e/ou artística.

7. MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO

Profesorado: Os organizadores poñerán a disposición de todo o claustro as liñas de desenvolvemento deste proxecto para que, atendendo ao seu grao de compromiso, dispoñibilidade e / ou interese, participe. Igualmente, recibirán información puntual a través da publicación de iniciativas e procesos.

Alumnado: Os organizadores e os profesores implicados serán os encargados de transmitir e motivar ao alumnado colaborando, ademais, cos encargados dos diferentes obradoiros.

Familias e contorno: A través do Consello Escolar e a ANPA en primeira instancia, nas titorías implicadas dáse o segundo nivel de publicación e difusión.

8. ORZAMENTO: Xustificación e desagregación

Para mellorar a equipamento técnica do proxecto conviría a compra de 5 tablets que facilitarían a filmación simultánea a maior número de grupos.

O resto de equipamento serían varios trípodes con adaptadores para as tablets.

| CONCEPTO | IMPORTE |
|------------------|-------------|
| 6 Tablets | 1500 |
| 6 Trípodes | 180 |
| 6 Adaptadores | 150 |
| Impresora cor A3 | 400 |
| TOTAL | 2230 |

9. FUNCIONES E TAREFAS DO PROFESORADO IMPLICADO

| NOME E APELIDOS | CARGO | FUNCIONS NO PROXECTO |
|---------------------------------------|---|--|
| Teresa Susana Vázquez Regueiro | Mestra de PT Coordinadora EDLG Responsable de recurso ER Participante en Cinema en Curso | Coordinación do proxecto. Organización de liñas de traballo e supervisión do seu desenvolvemento. Investigación. Xestión de grupos de alumnos para a súa participación. Relacións co contorno. Publicación e información. |
| Gema Lombó Lombraña | Secretaria do centro Mestra de Linguas en 6º e de Música Coordinadora de Cinema en Curso Responsable de recurso ER Membro do EDLG | Organización de liñas de traballo e supervisión do seu desenvolvemento. Investigación. Xestión de grupos de alumnos para a súa participación. |
| Teresa López Farelo | Xefa de estudos do centro Titira de 5º Responsable de recurso ER Participante de Cinema en Curso Membro do EDLG | Xestión de grupos de alumnos para a súa participación. Colaboración na organización de liñas de traballo. |
| María Manuela Rodríguez Losada | Directora do centro Mestra de matemáticas Participante de ER | Facilitación de horarios e recursos. Relacións co contorno. Publicación e información. |
| David Penas Amor | Mestre de AL Responsable de recurso ER | Participación puntual en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación. |
| Ángeles Muries Fernández | Mestre de AL Responsable de recurso ER Coordinadora de PLAMBE | Participación puntual en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación. |
| María José López López | Titira de 1º Responsable de recurso ER | Participación puntual en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación. |
| Enrique Sánchez Arias | Mestre de relixión | Participación puntual en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación. |
| | Mestra de Inglés | Participación puntual en tarefas nas que |

| | | |
|---------------------------------------|-------------------------|---|
| Inés Deiros Deiros | | se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación. |
| Francisca Álvarez Telo | Titora de 3º | Participación puntual en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación. |
| Yolanda López Besteiro | Titora de 2º | Participación puntual en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación. |
| Mar López Dafonte | Titora de 4º | Participación puntual en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación. |
| Manuel Martínez Núñez | Especialista E.F. | Participación puntual en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación. |
| Rosa Ana Quintero Vázquez | Titora de 6º E.I. | Participación puntual en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación. |
| Marta Susana Vilar Aldariz | Especialista EI (apoio) | Participación puntual en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación. |
| María Belén González Fernández | Titora de 5º E.I. | Participación puntual en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación. |

Becerreá, 20 de xaneiro de 2016.

Susana Vázquez Regueiro

Coordinadora do EDLG

María Manuela Losada Rodríguez

Directora do CEIP San Xoán

Visto e Prace.